

Aparece unha das obras máis buscadas da autora homenaxeada este ano 2007 co Día das Letras Galegas

ALVARELLOS EDITORA PUBLICARÁ EN ABRIL *MÁS ALLÁ DEL TIEMPO*, O LIBRO INÉDITO DE MARÍA MARIÑO

- Está escrito en castelán, nel combínase prosa e verso, e foi concluído no ano 1965.
- A obra desvela moitas das incógnitas da actitude de María Mariño diante da escrita.
- A profesora Helena González está a elaborar o estudo introdutorio e textual.

Alvarellos Editora localizou un dos libros perdidos de María Mariño (Noia, 1907-Parada do Courel, 1967), a escritora a quen este ano 2007 se consagra o Día das Letras Galegas. Trátase da obra *Más allá del tiempo*, un volume escrito en castelán que a autora concluíu en 1965 e onde combina prosa e verso.

A obra pasará a formar parte da Colección Rescate de Alvarellos Editora, aparecerá acompañada dun documentado estudo introdutorio e de contextualización, a cargo de Helena González –profesora de Literatura Galega na Universitat de Barcelona–, e incluírá fotografías e tamén documentación inédita relativa á súa xestación.

O mecanoscrito orixinal pertence ao xornalista lugués Juan Soto, que foi quen o cedeu para esta publicación.

A OBRA QUE DESPEXARÁ OS ENIGMAS

Más allá del tiempo é o libro que despexará todos os enigmas sobre María Mariño. Esta é unha obra chave para entender toda a produción coñecida da escritora noiesa (integrada, ata hoxe, por dous libros de poemas: *Palabra no tempo*, de 1963, e *Verba que comeza*, publicado postumamente en 1992) e que desvela moitas das incógnitas sobre a súa actitude diante da escrita.

A diferenza dos poemarios en galego, publicados por mediación de Uxío Novoneyra, en *Más allá del tiempo* non houbo intervención dun editor nin na escolma nin na ordenación dos textos. Ademais, permítenos coñecer tamén á María Mariño narradora.

A obra estará á venda en librarías e a través da tenda *on line* de Alvarellos Editora [www.alvarellos.info] a mediados de abril.

